

CULTURA

A CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E O GOBERNO LOCAL PRETENDEN TRANSFORMAR O RECINTO, QUE HOXE ACOLLE UN INSTITUTO, NUN HOTEL DE LUXO

O "ESPÍRITO DE REBELDÍA" DE LOIS PEREIRO
Mercedes Queixas doou un libro de Lois Pereiro, do que destacou o seu "espírito de rebeldía"

Os escritores mobilízanse para evitar o “espolio” do Mosteiro de Celanova

Mercedes Queixas ou Cesáreo Sánchez únironse a pais, alumnos e ao equipo docente do centro para reclamar que o lugar siga a ser un centro de ensino

MARCOS SUEIRO

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

Na biblioteca do *Poleiro* de Celanova reuníronse onte unha representación dos escritores e escritoras galegas para unirse á reclamación de continuidade do instituto dentro das instalacións do Mosteiro de San Salvador e deter a pretensión do Goberno local e da consellería de Educación de converter o recinto nun hotel de luxo. Aínda que fisicamente eran unha ducia, estar estaban todos e todas, como deixou claro o presidente da Asociación de Escritores, Cesáreo Sánchez.

Os que fixeron acto de presenza chegaron xuntos e camiñaron ata unha biblioteca cuberta con estantes de madeira e repletas de libros. Alí esperábanos pais, nais, alumnos e alumnas e unha representación do claustro de profesores. A directora do centro, emocionada, deulle a benvinda e agradeceu a solidariedade de Xoán Carlos Domínguez Alberite, Mercedes Queizas Zas, Henrique Dacosta, Manuel Vidal Villaverde, Baldo Ramos, Xerardo Méndez, Xosé Benito Reza... non se esqueceu dos institutos veciños da sociedade civil que desexan que o lugar siga coma centro público de ensino.

DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

Cesáreo Sánchez, o presidente dos escritores, foi o seguinte en falar, dicindo que “esta alfaia da arquitectura galega debe ser seguir destinado ao ensino público” e proseguío a súa argumentación para nomear ao alumnado “porqué é unha satisfacción que vexan como se defenden os dereitos de todos e de todas”. O escritor verbalizou o desexo dos reunidos: “Non queremos que baixo a fórmula de beneficios económicos se espolie un ben de uso público”.

Logo, os distintos convidados foron intervindo e depositando uns libros como doazón ao centro. Recibiron un diploma no que se reproduce




Escritores e escritoras, pais, alumnos e o equipo docente do centro congregáronse en defensa do Mosteiro de Celanova

M.S.

ALUMNOS DO INSTITUTO RECITAN POEMAS DE CELSO EMILIO FERREIRO

Os adolescentes que asistiron ao acto estaban nerviosos. Antes da súa quenda, non paraban de repasar os poemas de Celso Emilio Ferreiro que lles tocaría ler ao final do acto. Aínda que a lectura pública e unha actividade cotiá para eles e elas nas aulas, non todos os días o facían diante dos nomes propios da literatura galega. Os versos facían referencia a lingua do pobo galego, e con certa intencionalidade gozaban coa lectura asignada. Lograron captar a atención dos visitantes que reprendían aos que falaban máis alto da conta e impedían seguir o recital do



Portada de 'En defensa do Poleiro'

alumnado. Ao final fixéreron ben e quedaron satisfeitos. Os seus profesores foron os primeiros en achegarse e os pais sinalaban orgullosos os novos bardos. Pero a implicación dos que fan do Mosteiro de San Salvador de Celanova un centro vivo foi máis aló. Convertérense en anfitrións dunha exposición feita por parte dos equipos de normalización lingüística dos institutos. Esta mostra foi visita obrigada para os próceres das letras que non sabían ben para onde mirar ante a grandiosidade do inmoble. Ao final, unha das profesoras, Isidora, manifestou: “Isto está así porque non é un hotel”.

a fachada do edificio cunha frase debaixo na que se podía ler: Encontro Nacional de Escritores Galegos no IES de Celanova, e deixaron a súa natura no libro de ouro do centro.

Á marxe do ritual, tamén falaron, e o seu compromiso intelec-

Baldo Ramos definiu ao mosteiro como o “máis fermoso de toda Galicia.”

tual e persoal manifestouse en todos e en cada un deles. Mercedes Queizas Zas foi a primeira que sinalou que se sentía orgullosa como “docente e escritora” porque “é na escola onde se empeza a construir un pobo”, e manifestou o seu

rexeitamento “ao ataque indiscriminado que sofre o ensino público dende hai dous anos”. Queizas doou un libro sobre Lois Pereiro, do que dixo destacou “as súas ganas de saber e de aprender dende un espírito de rebeldía”.

Baldo Ramos recordou que nas aulas e na biblioteca do centro foi no lugar onde comezou a escribir, pero como si de un cicerone se tratara dixo: “Estades por vez primeira nesta biblioteca e estades sorprendidos de que pretendan espoliar este espazo único en Galicia”, ao que definiu como “o máis fermoso do país, en todo o Estado pode haber 5 ou 6 parecidos”. O poeta tamén revelou que “na biblioteca do *Poleiro*” descubrira a poetas como Rilke, Manuel Antonio ou García Lorca.

Xoán Domínguez rematou as intervencións cun desexo escrito no libro homenaxe a Alonso Montero: “A xustiza e a intelixencia hanse de impor ás gadoupas do capitalismo”.

www.xornal.com

Opine sobre a idea de transformar o Mosteiro de Celanova nun hotel na nosa web